

O SALÓN

XXI SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

O HUMOR

HORARIO

De luns a xoves:

De 17.00 a 20.00 h

Os venres:


De 17.00 a 20.30 h

Os sábados e domingos, así como o xoves 19 e o venres 20:

De 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 h

O recinto feiral, ademais, abre os sábados, domingos e festivos todo o día.

www.salondolibro.gal
www.pazodacultura.org



APROVEITA O DÍA!

Atendendo ás vosas peticións **abrimos o recinto feiral tamén no mediodía das fins de semana e os días festivos** cun servizo de cantina con petiscos italianos.

INSCRICIÓNS NAS ACTIVIDADES

Para garantir a calidade dos obradoiros, reducimos a capacidade. As inscricións para as actividades con cabida limitada, faranse no mesmo día media hora antes no espazo da actividade por orde de chegada. Vide con tempo para asegurar a vosa praza! Agradecemos a vosa comprensión e lembrade que no punto de información, e tamén coa equipa de monitorado, poderedes resolver calquera dúbida que teñades.

Algunhas actividades requiren inscrición previa por outras vías. Consulta no programa a maneira de inscribirte nestas actividades especiais.

LEMBRA!

VENDA DE ENTRADAS*


No vestíbulo do auditorio do Pazo da Cultura unha hora antes de cada función e de maneira anticipada na billeteira central da Casa da Luz desde o luns da semana na que se celebra o espectáculo e ata o día anterior á súa celebración.

As entradas para espectáculos celebrados na **sala de obradoiros** venderanse unicamente na porta de acceso a este espazo desde unha hora antes. Estes espectáculos non teñen venda anticipada.

*Ten en conta que para acceder a cada un dos espectáculos cada persoa debe ter unha entrada, independentemente da súa idade e de que ocupe ou non unha localidade. As idades dos espectáculos son recomendadas o que non significa que os espectadores con idades inferiores ás recomendadas non teñan que pagar localidade.

Lembra que non se permite acceder ao auditorio e ao salón de actos con carriños ou cadeiras de bebés.

Este folleto é meramente informativo e pode sufrir variacións. Consulta a información actualizada na web do Salón: www.salondolibro.gal



Con humor, moito mellor!



Podedes petiscar a mellor literatura infantil e xuvenil actual dentro do propio Salón coas librerías:


Seijas • Paz • Luna Nueva

E, para coñecer os sabores de Italia, os seguintes establecementos hosteleros da cidade prepararán receitas típicas do país convidado ou ben petiscos e pratos inspirados nel:

Tabula Rasa • Creperie Cre-cotté • Pontetapas • La Quesera • Filamento • A Viñoteca do Mercado • Café Central • Tapería El Pecado • Barallocas • Restaurante La Cámara • La Cata • Timón Tapas • O'Salnés • A Batea do Mercado • Jaqueyvi • Pulpería As Campás • Bocaíto • Cafetería Sonata • Merry's • Taberna Zentola • Hama • V Jazz Café

CANTINA ITALIANA

E no Recinto do Salón, a nosa cantina italiana abrirá polas tardes e as fins de semana da man da “Pizzería Henar”.



Despois de dúas décadas de dar de ler a quen pasa e, sobre todo, a quen queda, o Salón segue a ser o buque insignia dun modo de facer cidade. Os libros como punto de partida para o encontro, a reflexión e o lecer. Máis de vinte anos de ilusión e traballo, de paixón pola lectura, **encaramos esta edición 20+1 con optimismo e enerxía, con moito amor e, sobre todo, moito HUMOR:** humor como actitude positiva, esperanzada, crítica e, sobre todo, intelixente cara á vida. Humor sutil, enxeñoso, ás veces macabro, negro, humor inocente, humor retranqueiro, atrevido, belixerante, combativo, humor gráfico, poético, lírico, metafísico, literario, literal e figurado... Unha chea de humores que inundarán este ano a nosa cidade en forma de contos, palabras, imaxes, teatro, música, xogos, videoxogos, cinema, monicreques, circo, roteiros, encontros, petiscos, bailes e festa dunha programación familiar que vos achegamos e que desexamos que sexa do voso agrado.

No Salón, ademais de ler, gústanos viaxar e encontrarnos con outras linguas e outras culturas. **Este ano escollemos Italia como destino** na nosa ruta, para festexar unha LIX que nos achegou figuras como **Gianni Rodari**, no ano que celebramos o centenario do seu nacemento, o revolucionario que nos fixo reflexionar e gozar da gramática da fantasía, de **Calvino** e as súas cidades invisibles, de **Carlo Collodi** e o seu **Pinocho**, de **Adela Turin**, pioneira do feminismo nos libros para crianzas, de **Iela Mari**, **Bruno Munari**, **Dino Buzzatti**, **Roberto Innocenti** e a maxia das súas ilustracións... E dun pedagogo e pensador moi querido na boa vila, **Francesco Tonucci**, que nos acompaña nesta edición para compartir as súas reflexións sobre a infancia e a cidade. A viaxe a Italia levounos tamén a coñecer máis a fondo a nosa veciñanza, a todas as familias de orixe italiana que viven e enriquecen cada día a nosa

contorna. Elas teñen un oco moi especial na programación deste ano e desde **Mater Lingua** brindáronse a achegarnos, con diversas actividades, a súa lingua, cultura, música e gastronomía. **O departamento de italiano da Escola Oficial de Idiomas** tamén ten un espazo no programa e contaremos cunha biblioteca de libros italianos cedida polo **Società Dante Alighieri de Roma**. E gozaremos de contos e músicas italianas co noso narrador convidado **Simone Negrin**.

A reflexión e a formación terán de novo o seu espazo no **III Congreso Internacional de Mediación Lectora**, que este ano contará coa presenza de **Jordi Sierra i Fabra**, **Gloria Sánchez**, **Ana Garralón**, **Roger Olmos**, **Ledicia Costas** e **Hematocrítico**, entre moitas outras figuras relevantes da LIX.

Ademais das **máis de 300 actividades**, familiares e escolares, que conforman o Salón 20+1, convidamos a todas as familias a achegarnos ao Pazo de Cultura e descubrirdes unha biblioteca de **máis de 1000 libros para todas as idades** e **gorentosos recantos lectores** para gozardes da lectura en boa compañía.

Nesta biblioteca gardamos con especial cariño os libros d@s autor@s homenaxead@s deste ano: os da escritora **Helena Villar Janeiro**, pioneira da LIX galega, toda unha vida dedicada ao ensino e á creación literaria, abrindo e explorando camiños día a día, e os do ilustrador **Kiko Dasilva**, pioneiro e impulsor da BD galega, loitador infatigable en visibilizar e dignificar a profesión da ilustración, e moi especial para o Salón xa que foi quen, dúas décadas atrás, deseñou a nosa mascota **ORBIL**, o lobo lector. A el@s dedicamos esta edición! E a vós, que nos acompañades cada ano ou que o faredes por primeira vez nesta edición. **Gozade, ride, cantade, bailade, pintade, lede... o Salón é voso.**

PROGRAMA



PRE-SALÓN

VENRES 28 febreiro

19.00 h

● CONFERENCIA

Por que a infancia?

Francesco Tonucci

Auditorio do Pazo de Cultura |
Entrada libre ata completar a cabida

VENRES 6 marzo

18.00 h

● ESPECTÁCULO

Inauguración oficial da XXI edición
do Salón Internacional do Libro Infantil
e Xuvenil de Pontevedra
Un sorriso de conto

Dirección: Marcelo Dobode

Presentan: Soledad Felloza e Nee Barros

Actúan: Xingro's Big Band, Coro da Xunqueira I e Manuel
Albariñas

Auditorio do Pazo de Cultura |
Entrada libre ata completar a cabida

20.00 h

● NOITES ABERTAS

Cociñando con humor: receitas que falan

Público de 12 a 30 anos. Casa Azul. Rúa de Sor Lucía, 4
www.noitesabertas.gal

SÁBADO 7 marzo

11.30 h

● VISITA GUIADA

Con humor, moito mellor!

Equipo de monitorado do Salón

Público familiar | Prazas limitadas

11.30 h

● OBRADOIRO

A increíble historia dos videoxogos

MUVI

Recanto tecnolóxico | Público familiar e crianzas
de máis de 6 anos | Prazas limitadas

TODO O DÍA

● OBRADOIRO

O libro xigante

Organizado por Víctor Rivas e Esther Vázquez Esclarín

Participan: Luz Beloso, Miguel Casado, MeliMolita, Inés Casarejos
Comesaña, Sergio Covelo Moreira, Ignacio Hernández, Aida
Alonso Vázquez, Iria Iglesias, Andrea Fernández Silva, Alicia
Baña Castro, Laura Tova e Miguel Ángel Alonso Diz

Sala de exposicións | Entrada libre ata completar a cabida

11.30 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

Sapori di Italia

Mater Lingua

Espazo Gastróliterario | Recinto feiral |
Para crianzas de 4 a 10 anos | Prazas limitadas

12.00 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO NO MERCADO

Bella (e deliciosa) Italia: Roma

O Ganapán do Mercado | Rúa da Serra |
Inscricións no enderezo: ogapan@omercado.gal

12.30 h

● CONTACTOS

Ma che cosa!

Simone Negrin

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

17.30 h

● OBRADOIRO

Até as princesas soltan peidos:
obradoiro peideiro

Reviravolta

Sala Caca-cu-peido-pis | A partir de 4 anos | Prazas
limitadas

17.30 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO

Pallasos ilustrados

Fernando Tomé

Sala Rodari | A partir de 6 anos | Prazas limitadas

17.30 h

● CONTACTOS BEBÉS

Corochas

Atenea García

Sala de obradoiros | Para crianzas de 0 a 3 anos |
Cabida limitada

18.00 h

● CLOWN

Out of the Blu

Francesca Martó. Pista Catro

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

18.30 h

● OBRADOIRO ITALIANO NO MERCADO

Segnalibri per tutti

Asociación Mater Lingua

O Ganapán do Mercado | Rúa da Serra |

Inscripcións no enderezo: oganapan@omercado.gal

19.00 h

● ESPECTÁCULO MUSICAL

Vaia circo!

Odaiko

Auditorio do Pazo | Público familiar |

Prezo: 3 euros asistente

DOMINGO 8 marzo

11.30 h

● VISITA GUIADA

Percorrido pola exposición: *Unha ollada ao cómic galego*

A cargo de Octavio Beares. Comisario

Acceso á sala de exposicións

Público adolescente e adulto | Prazas limitadas

12.00, 17.00 e 18.30 h

● ESPECTÁCULO DE TEATRO E MÚSICA

ESTREA!

RIS RAS

Baobab Teatro

Auditorio do Pazo | Para crianzas a partir de 1 ano |

Cabida limitada | Prezo: 3 euros asistente

11.30 h

● OBRADOIRO FAMILIAR

Castelao e o humor

Taller Abierto

Sala Rodari | Crianzas a partir de 4 anos con adult@s |

Cabida limitada

11.30 h - 12.15 h- 13.00 h

● OBRADOIRO

Perigo, cacas espaciais!

Anxo Fariña

Sala de obradoiros | Para crianzas de 3 a 8 anos |

Cabida limitada

12.00 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO NO MERCADO

Bella (e deliciosa) Italia: Sicilia

O Ganapán do Mercado | Rúa da Serra |

Inscripcións no enderezo: oganapan@omercado.gal

12.30 h

● CONTACTOS MUSICAL

O esquío rampante, homenaxe a Italo Calvino

Polo Correo do Vento

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar



13.00 h

● VERMÚ MUSICAL

Que fantástico este vermú!

Vermús, aperitivos, petiscos e músicas italianas.

Bar Pavero | Campiño de Santa María |

Entrada libre ata completar a cabida

17.00 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

Dolce Italia!

Reviravolta

Espazo GASTROLITERARIO | Recinto feiral |

Para crianzas de 4 a 10 anos | Prazas limitadas

17.30 h

● OBRADOIRO TECNOLÓXICO

Aumentando o humor

Ceo Aberto

Sala de obradoiros | Para crianzas a partir de 7 anos |

Cabida limitada

17.30 h

● OBRADOIRO ITALIANO

L' Italia che Capolavoro!

Asociación Mater Lingua

Sala Rodari | A partir de 5 anos | Prazas limitadas

17.30 h

● ENCONTRO LECTOR E SINATURA

Luis Davila presenta: *O Bichero IX Run is Life*

Recuncho lector | Sala de exposicións

18.30 h

● **CONTACONTOS**

Contos de Italia

Simone Negrin

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

19.00 h

● **CINEMA NO PRINCIPAL**

A famosa invasión dos osos en Sicilia

Proxección a cargo do Cineclub Pontevedra

Animación dirixida por Lorenzo Mattotti baseada no libro de Dino Buzzati

Teatro Principal de Pontevedra |
Entrada libre ata completar a cabida

LUNS 9 marzo

17.15 h

● **VISITA GUIADA**

Con humor, moito mellor!

Equipo de monitorado do Salón

Público familiar | Prazas limitadas

17.15 h

● **OBRADOIRO ITALIANO**

L'ospedale dei Pupazzi

Asociación Mater Lingua

Sala Rodari | A partir de 4 anos | Prazas limitadas



18.15 h

● **CONTACONTOS**

Racconti di Napoli

Simone Negrin

Espazo Teatriño | Público familiar

MARTES 10 marzo

12.00 h

● **CAFÉ LECTOR EN CAMPOLONGO**

Autor@s da Boa Vila: Manuel Lourenzo

Residencia de Maires Campolongo | Cafetería

17.15 h

● **OBRADOIRO AMBIENTAL. EFECTO PO₂**

Hospital literario: reparamos os libros

Equipo de monitorado do Salón

Público familiar | Cabida limitada

17.15 h

● **OBRADOIRO ITALIANO**

La pasta in faccia

Obradoiro plástico a cargo do departamento de italiano da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra

A partir de 5 anos | Prazas limitadas

18.15 h

● **CONTACONTOS**

O mundo de Adela Turin: Clementinas e Bonobos

Raquel Queizás

Sala Rodari | Público familiar

MÉRCORES 11 marzo

17.15 h

● **OBRADOIRO AMBIENTAL. EFECTO PO₂**

Con humor tamén se salva o planeta: desplastifícate!

Monitorado do Salón en colaboración coas Escolas Asociadas da UNESCO

Recinto feiral | Público familiar | Prazas limitadas

17.15 h

● **OBRADOIRO AMBIENTAL. EFECTO PO₂**

Reciclaxe literaria

Equipo de Monitorado do Salón

Recinto feiral | Público familiar | Prazas limitadas

18.15 h

● **CONTACONTOS**

Contos para caghar patatillas

Brais das Hortas

Espazo Teatriño | Público familiar

XOVES 12 marzo

17.15 h

● **OBRADOIRO ITALIANO**

Teste fiorite, fiori di carta per Rodari

Obradoiro artístico a cargo de Mater Lingua

Sala Rodari | Para crianzas de 4 a 10 anos |
Prazas limitadas

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

Hoxe merendamos... pizza!

Reviravolta

Espazo Gastroliterario. Recinto feiral |
Para crianzas de 4 a 10 anos | Prazas limitadas

18.00h

● **CHARLA EN ITALIANO**

Per modo di dire, con Acqua in Bocca!

Asociación Mater Lingua

Pizzeria Bella Napoli, rúa de José Casal | Público adulto |
Para participar: materlingua.wordpress.com

18.15 h

● **CONTACONTOS**

Contos arregalados

Pavís Pavós

Sala Morrendo de Risa! | Público familiar

19.00 h

● **GASTRONOMÍA**

Aperitivo: aperitivo in italiano da Mare e Monti

Mater Lingua

Cata de viños e queixos italianos

Ristorante Mare e Monti | Rúa de Eduardo Pondal |
Público adulto | Para participar:
materlingua.wordpress.com



19.00 h

● MÚSICA

Música para sorrir

Coro Infantil do Conservatorio de Pontevedra

Salón de actos | Entrada libre ata completar a cabida

21.00 h

● TEATRO NO PRINCIPAL

Vida de cans

Talía Teatro

Público adolescente e adulto | 3 euros asistente

VENRES 13 marzo

17.15 h

● XINCANA

Xincana para morrer... de risa!

Equipo de monitorado do Salón

Público familiar | Prazas limitadas

17.15 h

● OBRADOIRO ITALIANO

Disegnando le favole

Mater Lingua

Taller artístico

Sala Rodari | Para crianzas a partir de 6 anos | Prazas limitadas



17.30 h

● ENCONTRO DE ILUSTRACIÓN

Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI)

• **A GUÍA NINJA. Guía de supervivencia para creadores freelance**

• **UN ILUSTRADOR NA MIÑA CIDADE. CREAR COMUNIDADE**
Berto Fojo, Natalia Umpiérrez e Diego Estebo.
Modera Bea Lema

Inscripcións a través do enderezo: ponteilustra@gmail.com

18.00 h

● MÚSICA

A xogar, cantar e voar

Cé Orquestra Pantasma

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

18.00 h

● ROTEIRO POR RESTAURANTES ITALIANOS

Contos á italiana!

Leucoíña Pasea

Público familiar | Inscricións a través do correo:
paseapontevedra@gmail.com

19.00 h

● ESPECTÁCULO MUSICAL

Súper Seria

AldaoLado e o Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra

Auditorio do Pazo | Público familiar | 3 euros asistente

21.00 h

● MUSICAL NO PRINCIPAL

Miserábeis

IES Illa de Ons (Bueu)

Musical adaptado por primeira vez á lingua galega.

Dirixido por Teté García e Diana Vila

Teatro Principal de Pontevedra | Público adolescente e adulto | Entrada libre ata completar a cabida

SÁBADO 14 marzo

11.30 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO

A Mani-festa-acción da bicharada diversa!

Ana Pillado

A partir da obra: *En efecto Bolboreta*

Sala Rodari | A partir de 7 anos | Prazas limitadas

11.30 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO

Os monstros tamén poden ser divertidos

Francisco Sánchez Villanueva

Sala Caca-cu-peido-pis | A partir de 4 anos | Prazas limitadas

12.00 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO NO MERCADO

Bella (e deliciosa) Italia: Boloña

O Ganapán do Mercado | Rúa da Serra |

Inscripcións no enderezo: oganapan@omercado.gal

12.30 h

● **CONTOS E MONICREQUES**

U-la Lúa?

Celtia Figueiras. A xanela do Maxín

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

12.30 h

● **HOMENAXE**

Acto de homenaxe á escritora Helena Villar Janeiro e ao ilustrador Kiko Dasilva

En colaboración co Ateneo de Pontevedra

Salón de actos | Público familiar |
Entrada libre ata completar a cabida

17.00 h

● **VISITA GUIADA**

Con humor, moito mellor!

Equipo de monitorado do Salón

Público familiar | Prazas limitadas

17.15 h

● **OBRADOIRO**

Aprende Banda Deseñada con FIZ

Kiko da Silva, ilustrador homenaxeado na XXI edición do Salón

Sala Rodari | Para crianzas de máis de 6 anos | Cabida limitada

17.15 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

Pinocho, o monicreque

Reviravolta

Sala Caca-cu-peido-pis | A partir de 5 anos | Prazas limitadas

17.30 h

● **ESPECTACULO MUSICAL PARA BEBÉS**

Cucú

María Faltri e Jorge Juncal

Sala de obradoiros | Contacontos para crianzas de 0 a 3 anos | Cabida limitada

18.00 h

● **CONTOS E MONICREQUES**

ESTREA!

FATAL FALTA TAFALL

Fantoches Baj

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

19.00 h

● **TEATRO MUSICAL**

O mundo máxico de Pinocho

EducaTeatro Producións

Auditorio do Pazo | Público familiar |
Prezo: 3 euros asistente

DOMINGO 15 marzo

11.00 a 14.00 h

● **TROCA DE LIBROS**

Feira do libro usado

Recinto feiral



11.30 h

● **OBRADOIRO ITALIANO**

Laboratorio di gioielli da favola

Mater Lingua

Obradoiro artístico

Sala Rodari | Para crianzas de 5 a 10 anos | Prazas limitadas

11.30 h

● **OBRADOIRO**

A increíble historia dos videoxogos

MUVI

Recinto tecnolóxico | Público familiar e crianzas de máis de 6 anos | Prazas limitadas

12.00, 17.00 e 18.30 h

● **CONTACONTOS MUSICAL PARA BEBÉS**

Un berce cheo de contos

Bea Campos

Sala de obradoiros | Espectáculo para crianzas de 0 a 3 anos | Cabida limitada | Prezo: 3 euros asistente

12.00 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO NO MERCADO**

Bella (e deliciosa) Italia: Roma

O Ganapán do Mercado | Rúa da Serra |
Inscripcións no enderezo: oganapan@omercado.gal

12.00 h

● **ENCANTRO LECTOR E SINATURA DE OBRAS**

Presentación de *Amani* de Miguelanxo Prado (Retranca Editora)

Miguel Anxo Prado, autor, e Kiko Dasilva, editor

Recuncho lector e Espazo BD

13.00 h

● **MÚSICA**

Dúas bandas dous contos e a Banda do Rocklab

Rocklab

Recinto feiral | Anfiteatro

17.00 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

Dolce Italia!

Reviravolta

Espazo GASTROLITERARIO | Recinto feiral |
Crianzas a partir de 5 anos | Cabida reducida

17.15 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

Universo Munari

Itziar Ezquieta

Sala Rodari | A partir de 5 anos |
Prazas limitadas

17.15 h

● **OBRADOIRO DE STOP-MOTION**

Estamos moi animad@s!

Curiosaurus Club

Sala Caca-cu-peido-pis | A partir de 5 anos |
Prazas limitadas

18.00 h

● **MÚSICA**

Contos e Rock`N`roll

Pakolas

Recinto feiral | Anfiteatro

19.00 h

● **TEATRO**

Cartoóns

Producións Teatrais Excéntricas

Auditorio do Pazo | Público familiar |

Prezo: 3 euros asistente

LUNS 16 marzo

17.15 h

● **VISITA GUIADA**

Con humor, moito mellor!

Equipo de monitorado do Salón

Público familiar | Prazas limitadas

17.15 h

● **OBRA DOIRO ITALIANO**

Facciamo la pizza!

Mater Lingua

Obradoiro culinario

Espazo GASTROLITERARIO | Recinto feiral |

Para crianzas de 4 a 10 anos | Prazas limitadas

18.15 h

● **CONTACONTOS**

Contos paveros II: para esmendrellarse de risa...

Leucoíña Pasea

Sala Rodari | Público familiar



MARTES 17 marzo

12.00 h

● **CAFÉ LECTOR EN CAMPOLONGO**

Autor@s da Boa Vila: Fina Casalderrey

Residencia de Maiores Campolongo | Cafetería

17.15 h

● **OBRA DOIRO ARTÍSTICO**

Como salvar o mundo (con humor!)

Bea Gregores

Sala Caca-cu-peido-pis | Crianzas de máis de 5 anos |

Cabida limitada

18.15 h

● **CONTACONTOS**

Contos paveros II: para esmendrellarse de risa...

Leucoíña Pasea

Sala Morrendo de risa! | Público familiar

20.00 h

● **POESÍA**

Teñamos a Poesía en Paz

Helena Villar Janeiro, autora homenaxeada da XXI Edición do Salón, e Xesús Rábade Paredes, poeta.

Libraría Paz | Rúa da Peregrina, 29

MÉRCORES 18 marzo

17.15 h

● **OBRADOIRO AMBIENTAL. EFECTO PO₂**

Con humor tamén se salva o planeta: desplastifícate!

Equipo do Monitorado do Salón en colaboración coas Escolas Asociadas da UNESCO

Recinto feiral | Público familiar | Prazas limitadas

17.15 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

Humor en 3D: tarxetas Pop-Up

7-H Cooperativa Cultural

Sala Rodari | Crianzas de máis de 5 anos | Cabida limitada

18.15 h

● **CONTACONTOS MUSICAL**

A detective Peregrina en Venecia

Polo Correo do Vento

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

20.00 h

● **FALADOIRO**

Os camiños do libro galego

GÁLIX en colaboración co Ateneo de Pontevedra

Con Fina Casalderrey, Pilar Sampedro, Kiko da Silva e Xosé Ballesteros,

Casa das Campás | Rúa don Filiberto, 9



XOVES 19 marzo

11.30 h

● **CONTACONTOS PARA BEBÉS**

Cantacontos miúdo

Pablo Díaz

Sala de obradoiros | Espectáculo para crianzas de 0 a 3 anos | Cabida limitada

11.30 h

● **OBRADOIRO**

A increíble historia dos videoxogos

MUVI

Recanto tecnolóxico | Público familiar e crianzas de máis de 6 anos | Prazas limitadas

11.30 h

● **OBRADOIRO FAMILIAR**

Para escachar coa risa!

Equipo de monitorado do Salón

Sala Morrendo de risa! | Cabida limitada

12.30 h

● **CONTACONTOS**

Contos para papá

Bea Campos

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

17.30 h

● **OBRADOIRO FAMILIAR**

Risadas deseñadas

Van Divulgación

Sala Rodari | Público familiar | Cabida limitada

17.30 h

● **OBRADOIRO STOP-MOTION**

Estamos moi animad@s!

Curiosaurus Club

Sala de obradoiros | Público familiar | Cabida limitada

18.30 h

● **MÚSICA E BAILE**

Canta música en familia!

Pablo Díaz

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

19.00 h

● **CINEMA NO PRINCIPAL**

Fantástico Sr. Fox

Proxección a cargo do Cineclub Pontevedra

Animación dirixida por Wes Anderson, baseada no libro de Roald Dahl

Teatro Principal de Pontevedra | Entrada libre ata completar a cabida

VENRES 20 marzo

11.30 h

● **VISITA GUIADA**

Con humor, moito mellor!

Equipo de monitorado do Salón

Público familiar | Prazas limitadas

11.30 h

● **OBRADOIRO AMBIENTAL. EFECTO PO₂**

Reciclaxe literaria

Equipo de monitorado do Salón

11.30 h

● **OBRADOIRO**

Máscaras de animais

Susana Suniaga

Sala Rodari | Crianzas a partir de 5 anos | Cabida limitada

12.30 h

● **CONTACONTOS**

A volta ao mundo... da risa!

Reviravolta

Sala de obradoiros | Cabida limitada

17.15 h

● **OBRADOIRO ITALIANO**

Facciamo la pizza!

Mater Lingua

Obradoiro culinario

Espazo Gastroliterario | Recinto feiral | Para crianzas de 4 a 10 anos | Prazas limitadas

18.00 h

● **OBRADOIRO**

Por narices (recicladas!)

Anxo Moure e Brais Moure

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

18.00

● **ROTEIRO POR RESTAURANTES ITALIANOS**

Contos á italiana!

Leucoña Pasea

Público familiar | Inscripcións a través do enderezo: paseapontevedra@gmail.com

19.00 h

● **CONTACONTOS**

A barca dos sorrisos

Anxo Moure e Brais Moure

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

22.00 h

● **NOITES ABERTAS**

Rastrexo humorístico

CEIP Froebel

Público de 14 a 30 anos | Inscricións a través do web:

www.noitesabertas.gal

SÁBADO 21 marzo

11.30 h

● **OBRADOIRO POÉTICO**

Kit de supervivencia para un mundo sen poetas

Tamara Andrés

Sala Morrendo de risa! | A partir de 7 anos | Prazas limitadas

11.30 h

● **OBRADOIRO**

Bichos bóla *around the world*

Elvira Ribeiro

Sala Rodari | A partir de 4 anos | Prazas limitadas

12.00 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO NO MERCADO**

Dolce Italia! Obradoiro de sobremesas italianas

O Ganapán do Mercado | Rúa da Serra |

Inscricións no enderezo: ogapan@omercado.gal

12.30 h

● **CONTACONTOS MUSICAL**

Cantando contos (por teléfono). Homenaxe a Rodari

Antón Ke

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

17.15 h

● **OBRADOIRO POÉTICO**

A-rrímate á risa!

Cristina Corral

Sala Caca-cu-peido-pis | Crianzas de máis de 7 anos | Cabida limitada

17.15 h

● **ENCANTO LECTOR E SINATURA DE OBRAS**

Presentación de *Vampira de Biblioteca*, de Leticia Costas e Víctor Rivas (Xerais)

Leticia Costas (escritora) e Víctor Rivas (ilustrador)

Recanto Lector | Sala de exposicións |

Entrada libre ata completar a cabida

17.30 h

● **CONTACONTOS PARA BEBÉS**

0 reloxo da risa

Charo Pita

Sala de obradoiros | Contacontos para crianzas de 0 a 3 anos | Cabida limitada



18.00 h

● **CONTACONTOS**

De elefantes, formigas-conga e raposas de risa frouxa

Paula Carballeira

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

19.00 h

● **MÚSICA**

Tour Vacanal 2020

De Vacas

Auditorio do Pazo | Prezo: 3 euros asistente

20.00 h

● **NOITES ABERTAS**

Cociñando con humor: receitas que falan

Casa Azul | Rúa de Sor Lucía, 4 | Público de 12 a 30 anos |
Inscricións a través do web: www.noitesabertas.gal

DOMINGO 22 marzo

11.30 h

● **ROTEIRO LITERARIO**

As Pontevedras invisíbeis

Manuel Lourenzo González

Praza da Peregrina | Cabida limitada | Inscricións a través
do enderezo: salondolibro@pontevedra.gal

11.30 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

Debuxando con humor: *Escarlatina, Esmeraldina e Leo, Vampira de Biblioteca*

Victor Rivas

Recanto lector | Crianzas de máis de 8 anos |
Prazas limitadas

11.30 h

● **OBRADOIRO ITALIANO**

Musicando con Maurizio Polsinelli e Carmen Penim

Mater Lingua

Taller de canto

Sala Rodari | Crianzas de 5 a 10 anos |
Prazas limitadas

12.00 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO NO MERCADO**

Dolce Italia!

Obradoiro de sobremesas italianas

O Ganapán do Mercado. Rúa da Serra | Inscricións a través
do enderezo: oganapan@omercado.gal

12.30 e 17.30 h

● **ESPECTÁCULO PARA BEBÉS**

A alfombra máxica

Babaluva Teatro

Sala de obradoiros | Espectáculo para crianzas
de 0 a 3 anos | Cabida limitada | Prezo: 3 euros asistente

12.30 h

● **CONTACONTOS**

A bela polenta

Soledad Felloza

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

17.30 h

● **ESPECTÁCULO DE MAXIA**

A ilusión de ler

Óscar Fernández. Magia en la Manga

Recinto feiral | Anfiteatro | Público familiar

19.00 h

● **ESPECTÁCULO MUSICAL**

Clausura da XXI Edición do Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra con *Rock 'N' roll Monsters e Os Cabaleiros e Damas do Rock*

RockLab

Auditorio do Pazo de Cultura |
Entrada libre ata completar a cabida

MÉRCORES 25 marzo

19.30 h

● **ENCANTO LECTOR**

Roger Olmos

Librería Cronopios | Rúa Frei Xoán de Navarrete, 5

XOVES 26 marzo

20.00 h

● **ENCANTO LECTOR**

Jordi Sierra i Fabra

Librería Paz | Rúa da Peregrina, 6

21.00 h

● **TEATRO NO PRINCIPAL**

#Camiños

ButacaZero

Público adolescente e adulto | Prezo: 3 euros asistente

26-27-28 de marzo

III Congreso Internacional de Mediación Lectora

Salón de actos do Pazo da Cultura
Inscricións a través do enderezo: www.salondolibro.gal



III CONGRESO INTERNACIONAL DE MEDIACIÓN LECTORA O HUMOR

XXI SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

Salón de actos do Pazo da Cultura de Pontevedra: 26-28 de marzo de 2020

Inscripcións a través de: www.salondolibro.gal

Entidades organizadoras

Concello de Pontevedra

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo)

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra (Universidade de Vigo)

Rede temática de investigación *Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano* (LIJMI)

Instituto de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela

Comité científico

Jesús Sebastián Díaz Armas (Universidad de La Laguna), Carmen Franco Vázquez (Liter21. Universidade de Santiago de Compostela), Xabier Etxaniz Erle (Euskal Herriko Unibertsitatea), Laura Guerrero Guadarrama (Universidad Iberoamericana Ciudad de México), Ana Cristina Vasconcelos Pereira de Macedo (Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto), Isabel Mociño (Universidade de Vigo), Alice Aurea Penteado Martha (Universidade Estadual de Maringá), Ana María Porto Castro (ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Sara Reis da Silva (Universidade do Minho), Blanca-Ana Roig Rechou (LIJMI-ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Rusicka Kenfel (Universidade de Vigo), Caterina Valriu Llinàs (Universitat de les Illes Balears).

Secretaría

Eulalia Agrelo Costas (Universidade de Vigo)
Eva Mejuto (Coordinadora do Salón do Libro)

XOVES 26 DE MARZO

Inauguración oficial a cargo de Carme Fouces, concelleira de Cultura e coa intervención de Jorge Soto, vicerreitor do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo)

16.00-16.45 h

Conversa con Jordi Sierra i Fabra: “Vida de escritor”
Nee Barros e Clara Castro

16.45-18.15 h

“Escrita de teatro” Gloria Sánchez, Esther Carrodeguas e Manuel Núñez Singala
Eulalia Agrelo, Universidade de Vigo

18.15-18.30 h - Descanso -

18.30-20.00 h

● OBRADOIROS

Un a escoller:

Ler en voz alta

Charo Pita

A ciencia tamén pode ser divertida

Luisa Martínez

Quem põe o axóuxere ao gato?

Detectar o machismo na literatura

Susana Aríns

Ferramentas do humor. O humor como ferramenta

Esther Carrodeguas

Videoxogos: manual de instrucións

MUVI

Sen palabras: contar con imaxes

Roger Olmos

VENRES 27 DE MARZO

16.00-16.45 h

“O humor non engorda”, Kiko Dasilva

Raquel Senra, Grupo de investigación Liter 21, Universidade de Santiago de Compostela

16.45-18.15 h

“Humor ilustrado”,

Abi Castillo, Marc Taeger e Roger Olmos

Belén G. Freijeiro, Universidade de Vigo

18.15-18.30 h - Descanso -

18.30-20.00 h

● OBRADOIROS

Un a escoller:

Videoxogos: manual de instrucións

MUVI

Sen palabras: contar con imaxes

Roger Olmos

As imaxes tamén se len

Marc Taeger

Escrita divertida

Hematocrítico

Poetízate

Fran Alonso

Humor sentido. Taller para explorar un tema e a súa representación

Ana Garralón

SÁBADO 28 DE MARZO

10.00-10.45 h

“De que se ri a literatura infantil?”, Ana Garralón

Isabel Mociño, Universidade de Vigo

10.45-11.45 h

“Mediación lectora en Galiza”, Ángeles Abelleira,

Montse Pena Presas e Fina Casalderrey

Montse Muriano, Universidade da Coruña

11.45-12.00 h - Descanso -

12.00-13.00 h

Conversa de Leticia Costas e Hematocrítico:

“Outro humor é posible”

13.00-14.00 h

Concerto poético: “Des-concertando a poesía”

Lois Pérez, poeta

EXPOSICIÓNS

NO ESPAZO DO SALÓN (PAZO DA CULTURA)

Traballos dos centros de ensino

Obras de máis de 50 centros de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato de toda Galiza realizaron ao longo do curso da man do profesorado. Maquetas e libros, pinturas e ilustracións, esculturas, vídeos, instalacións e podcast que tiveron como inspiración o tema deste ano “o humor”, o país convidado: Italia e a obra das figuras homenaxeadas: Helena Villar Janeiro e Kiko da Silva.

Ambientación xeral do Pazo da Cultura

Efímera Espacios Temporales, Ovo Publicidade e Trisquelia Comunicación son as responsables de deseñar e crear un acolledor e humorístico espazo que nos convida a gozar da lectura e xogar, ao tempo que nos achega o país convidado, Italia, e á obra de Helena Villar Janeiro e Kiko da Silva.

De mil humores!

A ilustradora venezolana establecida en pontevedra Susana Suniaga foi a gañadora da terceira convocatoria do Concurso Internacional de Ilustración do Salón, convocado por GÁLIX e o Salón para ilustrar esta edición. O seu traballo e os doce finalistas, seleccionados entre as 126 propostas recibidas de 15 países, conforman esta suxestiva e humorística mostra que pon en valor o potencial expresivo e comunicativo da ilustración.

kiKONIEC

Un percorrido pola obra infantil de Kiko Dasilva, ilustrador homenaxeado da XXI edición do Salón. Poderemos achegarnos aos orixinais de obras senlleiras como *Moncho e a mancha*, *Rato de campo rato de cidade*, *A memoria das árbores* ou *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis* (Kalandraka), *Que contan as ovellas para durmir?* (Galaxia), *Fiz o neno máis porco do mundo* (Retranca) e, en primicia, dúas obras inéditas: *Os tres porquiños* e *O gato con botas*.

Fina a pirata

As coloridas e expresivas ilustracións de Abi Castillo para un texto emotivo e entrañable da nosa escritora homenaxeada: Helena Villar Janeiro. Unha historia de superación e amizade recreada plasticamente por unha ilustradora de marcado estilo e universo propio. Obra editada por Galaxia.

A increíble historia dos videoxogos

Museo de Videoxogos de Cangas (MUVI)

Unha emocionante viaxe a través dos fitos, dispositivos e videoconsolas máis influentes da historia do lecer electrónico desde un punto de vista sociocultural. Descubre, proba e aprende!

Amani

Miguelanxo Prado narra desde a palabra e a imaxe a tenra historia de Amani, un hipopótamo que busca nas beiras do río Pantikora o mellor modo de ser feliz sen amolar aos demais. Toda unha lección de vida. Unha maxistral proposta de álbum ilustrado editada por Retranca Editora.

O alén ilustrado, morrendo de risa!

Unha achega para non perder ao mundo gótico humorístico das ilustracións de Victor Rivas nas obras escritas por Leticia Costas: *Escarlatina*, *a cocineira defunta*, *Esmeraldina*, *a pequena defunta*, *Os arquivos secretos de Escarlatina* e o novo libro *Vampira de Biblioteca*, editados por Xerais.

As cidades invisibles do MI

Máster Ilustra

O alumnado do Máster Libro Ilustrado e Animación Audiovisual da Universidade de Vigo, coordinado por Itziar Ezquieta, ofrece unha visión artística baseada nas *Cidades Invisibles* de Italo Calvino.

NO RECINTO FEIRAL

INFINITECA

Esta exposición amosa o proceso de creación dunha BD longa cunha estética homoxénea feita polo alumnado do Curso Profesional de BD do Garaxe Hermético.

INFINITECA é a sexta BD que se realiza no Garaxe Hermético coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

NO ACCESO Á SALA DE EXPOSICIÓNS

Unha ollada ao cómic galego

Exposición cedida pola Deputación de Pontevedra.

Comisariada por Octavio Beares, trátase dun percorrido visual polas mostras de cómic de autoras e autores galegos, desde o mesmo Castelao, quen co debuxo amosou sempre o seu compromiso coa arte e a lingua galega como poderemos apreciar nas reproducións das tiras e debuxos publicados en *Vida Gallega* e o diario *Galicia*, ata os autores máis actuais, como son Kiko da Silva, José Domingo, Miguelanxo Prado, Mar Abad ou David Rubín.

POR TODA A CIDADE

ORBIL PARADE

Sete estatuas da nosa mascota, o lobo ORBIL, estarán espalladas por toda a cidade.

Explora, descúbreas e envíanos unha foto a comunicacion@salondolibro.gal

Tamén podes colgalas nas túas redes usando o cancelo **#OrbilParade**





MÁNDALLE UNHA CARTA A ORBIL

A ORBIL encántalle recibir cartas das nenas e nenos que veñen visitar o Salón, así que non te cortes! Estará encantado de ter noticias túas.

Na seguinte páxina podes escribirlle o que ti queiras, contarlle cal é o teu libro favorito ou dicirlle que recuncho do salón che pareceu máis divertido.

Tamén podes facerlle un debuxo, porque a ORBIL encántanlle as cartas con debuxos.

Cando remates, recorta a páxina seguinte e **déixaa na caixa de correo para ORBIL** que hai no Salón.

Ademais, se deixas o correo-e ou o teléfono móbil dunha persoa adulta responsable, ORBIL sorteará un lote de libros entre todas as cartas que reciba.

Anímate! ORBIL será o lobo máis feliz do mundo se recibe noticias túas.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

CARTA PARA ORBIL DE:

Teléfono ou correo-e dunha persoa adulta responsable para participar no sorteo:

O sorteo realizarase publicamente o día 26 de marzo de 2020 ás 18.00h na Sala de Exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra, escollendo unha carta de entre todas as introducidas no "Buzón de cartas para ORBIL". Este teléfono ou correo-e só será empregado para notificar á persoa responsable gañadora do sorteo. Non gardaremos estes datos de carácter persoal nin os empregaremos para ningún outro fin que non sexa a notificación á persoa gañadora. O resto de cartas enviadas serán gardadas polo O. A. Pazo de Congressos e Exposicións de Pontevedra durante 6 meses e debidamente destruídas posteriormente.

Entidades e persoas colaboradoras

Ateneo de Pontevedra
Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odrizola
Centro de Formación e Recursos de Pontevedra (CEFORE)
Centros de ensino de Pontevedra e comarca
Cineclube Pontevedra
Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga
David Castro
Deputación Provincial de Pontevedra
Fina Casalderrey
GÁLIX
Lali Agrelo
Librería Paz
Librería Seijas
Librería Luna Nueva
Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual
Museo de Pontevedra
Noites Abertas
O Ganapán
O Garaxe Hermético
Pilar Sampedro
Residencia de Maiores Campolongo
Rede Temática de Investigación LIJMI. Instituto de Ciencias da Educación USC
Seminario Permanente de Jazz
Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra
Universidade de Vigo. Facultades de Belas Artes, Ciencias Sociais e da Comunicación e Ciencias da Educación.

• • •

Un agradecemento moi especial ás institucións:

Departamento de Italiano da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra
Mater Lingua
Instituto Dante Alighieri

• • •

Este programa e todo o afecto do Salón do Libro vai para **Helena Villar Janeiro e Kiko da Silva**, pola súa contribución á literatura infantil e xuvenil na nosa lingua e polo seu traballo en dignificar e divulgar a palabra escrita, a ilustración e a BD para as crianzas.

• • •

Ás librerías de Pontevedra, ás escolas galegas e aos colectivos,
e a tantas persoas que axudaron a facer realidade estes máis de vinte anos do Salón,

GRAZAS
Salón Internacional do Libro Infantil
e Xuvenil de Pontevedra

O SALÓN é unha actividade promovida e financiada por:



www.salondolibro.gal



Co apoio de:

